

## NOTA DE PRENSA

# Celebración da XVII Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega).

*Santiago, 17 de febreiro de 2022.*- Mañá venres 18 de febreiro celebrarase a XVII Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega), na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña, que convoca a Asociación Olimpíada de Bioloxía (OEB) e o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-, as tres universidades galegas, e a Xunta de Galicia.

O fin das olimpíadas de bioloxía é fomentar os estudos relacionados coa Bioloxía e promover o interese na investigación científica entre o estudiantado do sistema educativo español.

O pasado 4 de febreiro fixose unha selección previa mediante unha proba teórica na modalidade online. Se rexistraron 168 alumnos de 26 centros de toda Galicia e foron seleccionados os 30 mellores alumnos/as.

Os centros dos alumnos/as clasificados/as foron: IES Eusebio da Guarda (A Coruña); IES Concepcion Arenal (Ferrol); Colexio M. Peleteiro (Santiago de Compostela); IES Espiñeira (Boiro); IES Carlos Casares (Viana do Bolo); IES Otero Pedrayo (Ourense); IES O Ribeiro (Ribadavia); IES de Valga (Valga); IES Ribeira do Louro (O Porriño); IES Politécnico de Vigo (Vigo); IES Aller Ulloa (Lalín).

Esta fase presencial constará dunha proba teórica tipo test e probas prácticas de laboratorio, cos contidos de Bioloxía da ESO, e de primeiro e segundo de bacharelato, centrados na base molecular e fisicoquímica da vida.

Os/as tres gañadores/as da fase galega representarán á nosa comunidade na fase nacional, que se celebrará en Oviedo do 31 de marzo ao 3 de abril.

O certame conta co patrocinio de **Principia Editorial e os Museos Científicos Coruñeses** que entregarán premios aos gañadores.

Con motivo do convenio coa **Consellería de Cultura, Educación e Universidade** a Olimpíada foi homologada con 15 horas como actividade de innovación docente e terán lugar dúas charlas: Clonalidad como mecanismo de invasión: el caso de Carpobrotus". Ponente: Sergio Rodríguez Roiloa da área de Ecoloxía e "Biopolímeros de composición glucídica, aplicaciones médicas e industriais" Ponente: Mónica Lamas Maceiras área de Bioquímica e Bioloxía Molecular.